

SEMINARIO LINGUA GALEGA E LITERATURA 2020-21

1.- PLAN DE REFORZO DO DESEÑO CURRICULAR de LINGUA E LITERATURA.

Tendo en conta os informes individualizados realizados no curso anterior e a materia non desenvolvida no terceiro trimestre en todos os cursos agás en 1º e 4º ESO por motivos obvios, as aprendizaxes non adquiridas que se van desenvolver durante o primeiro trimestre por cursos son as seguintes:

1.1.--SEGUNDO ESO.

1.1.1.- APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS EN PRIMEIRO ESO.

UNIDADE 7.

- Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e avaliación de textos orais:
- O texto descritivo.

- Lectura dun texto e actividades asociadas de comprensión lectora.

- A carta.

- Os préstamos lingüísticos.

- Vivir en galego.

- Os signos de puntuación: os dous puntos e os puntos suspensivos.

- Os pronomes persoais.

- Mecanismos léxicos de cohesión.

- A lírica: estrofas.

UNIDADE 8

- Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e avaliación de textos orais:
- O texto dialogado.

- Lectura dun texto e actividades asociadas de comprensión lectora.

- O diálogo.

- O campo semántico.

- Lecer en galego.
- As maiúsculas.
- Os pronomes persoais átonos.
- O texto: mecanismos léxicos de cohesión.
- A lírica: os subxéneros líricos.

UNIDADE 9

- Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e avaliación de textos orais:
- A noticia.
- Lectura das noticias O fútbol gaélico en Galicia e actividades asociadas de comprensión lectora.
- A noticia.
- A sinonimia.
- Os prexuízos lingüísticos.
- Uso de b.
- O verbo: conxugacións, lexemas e desinencias.
- Mecanismos gramaticais de cohesión.
- O xénero dramático.

1.2.- .TERCEIRO ESO.

1.2.1.-APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS EN SEGUNDO ESO.

Malia que o curso pasado para segundo ESO non se empregaba EDIXGAL , este curso consideramos necesario tomar como referencia esta plataforma pois é a que van empregar.

UNIDADE 7

- A crónica.
- Vocabulario sobre a radio.
- O campo semántico.
- Situación legal.
- Mecanismos de referencia interna (I).
- Subxéneros narrativos.
- Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.
- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Producción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos.
- Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual.
- Situación legal das linguas do Estado español.
- Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Uso autónomo das TIC e aplicacións dixitais colaborativas para aprender, presentar e compartir as tarefas realizadas.

UNIDADE 8

- A reportaxe.
- Vocabulario sobre a televisión.
- As frases feitas.
- O galego estándar.
- Mecanismos de referencia interna (II).
- O teatro.

- Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención á reportaxe audiovisual.
- Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.
- Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais.
- Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: esquemas, resumos etc.
- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios.

UNIDADE 9

- O texto teatral e a súa estrutura.
- Vocabulario do teatro.
- Os xentilicios.
- O plurilingüismo.
- Mecanismos de cohesión textual (I): deíxe persoal, espacial e temporal.
- Os subxéneros teatrais.
- Participación activa en debates ou intercambios de opinión que se realizan na aula.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.
- Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto.
- Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito.
- Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos.
- Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
- O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.

- Análise de textos literarios, de maneira guiada, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

1.3.- CUARTO ESO

1.3.1.- APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS EN TERCEIRO ESO.

UNIDADE 7.

FUNCIONAMENTO DA LINGUA.

1.- Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.

- Formas nominais do verbo.
- O infinitivo conxugado: definición, formas e uso.
- As perífrases verbais: definición e valores.

2.- Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.

- Reflexión lingüística: préstamos lingüísticos.
- Reflexión lingüística: termos xenéricos e inclusivos.

3.- Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.

- Reflexión lingüística: o verbo pór.
- Reflexión lingüística: infinitivo conxugado.
- Reflexión lingüística: verbos irregulares. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.
- Reflexión lingüística: b e v.

4.- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.

- Os nexos ou conectores textuais.
- Conectores aditivos, opositivos e causais ou consecutivos.

5.- A fonética e a fonoloxía do galego con especial atención a posibles interferencias.

. Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.

- O til diacrítico.
- Palabras con til diacrítico.

UNIDADE 8.

FUNCIONAMENTO DA LINGUA.

1.- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os presentativos, secuenciadores de adición, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico.

- Os nexos ou conectores textuais II.
- Conectores textuais de espazo e tempo.
- Conectores organizadores do discurso.

2.- Recoñecemento, explicación e uso de léxico amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.

- Reflexión lingüística: palabras tabú.

Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.

- Reflexión lingüística: a clase de palabras.
- Reflexión lingüística: xénero dos substantivos invariables.

3.- Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas para conseguir unha comunicación eficaz.

- Reflexión lingüística: til diacrítico.
- Reflexión lingüística: siglas.

UNIDADE 9.

1.- Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras (derivación e composición).

- Formación de palabras derivadas.

2.- Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.

- As conxuncións e as locucións conxuntivas: coordinantes, subordinantes e oracionais.
- As interxeccións

1.4.- **SEGUNDO BACHARELATO**

1.4.1.-- APRENDIZAXES NON ADQUIRIDAS EN PRIMEIRO DE BACHARELATO.

En segundo de bacharelato centrarémonos unicamente na parte de gramática non desenvolvida en primeiro. Ademais irase facendo un repaso xeral da que si se adquiriu. É un programa denso o de segundo de bacharelato que hai que ver na súa totalidade por ese motivo primamos a parte gramatical.

UNIDADE 3

- O NOME. Substantivo e adxectivo.

UNIDADE 5.

- AS PALABRAS ADNOMINAIS. Artigo, demostrativo, posesivo, identificadores ordinais e cuantificadores.

2.- ADAPTACIÓNS PARA A DOCENCIA NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL.

En todos os cursos tanto de ESO como de BACHARELATO faremos unha programación de aula, unidade por unidade, tendo en conta os 3 escenarios posibles: presencial, semipresencial e non presencial.

2.1.- SITUACIÓN SEMIPRESENCIAL.

En PRIMEIRO E SEGUNDO ESO esta adaptación será doada posto que empregamos a plataforma EDIXGAL.

Os alumnos que estean na aula verán contidos teóricos . Os que permanezan na casa farán actividades de contidos vistos de forma presencial que se corrixirán una vez que se incorporen. Trátase de que os que teñan que quedar no seu domicilio sempre fagan actividades e os que estean na aula reciban as explicacións do profesor sobre os contidos curriculares. Este irá adaptando as unidades a esta situación e tamén ás características específicas de cada grupo.

En TERCEIRO E CUARTO seguirase a mesma dinámica.

En PRIMEIRO e SEGUNDO DE BACHARELATO a materia divídese en dous bloques claramente diferenciados: Funcionamento da lingua e literatura.

Os exames e ,por tanto, a programación de aula vanse facer tendo en conta estes bloques .

En primeiro haberá 3 exames por trimestre: gramática, literatura / comentario de texto e libro de lectura(poderá facerse oral)

En segundo 3 exames nos dous primeiros trimestres:

gramática /sociolingüística , Literatura / texto e libro de lectura(este último poderá facerse oral).

No terceiro trimestre de segundo non se lerá ningún libro obrigatoriamente. Si se poderá ler opcionalmente e subirá nota.

SITUACIÓN NON PRESENCIAL.

Ante un posible confinamento de quince días ou máis empregaremos a aula virtual e webex. Este departamento solicitou en claustro o uso por parte de todo o profesorado dunha mesma plataforma , por exemplo a citada anteriormente, para evitar a confusión que se xerou o curso pasado no terceiro trimestre . A dinámica será parecida realizándose os contidos teóricos a través de webex e os exercicios prácticos mediante a aula virtual.

Todas as comunicacións tanto no caso de semipresencialidade coma de non presencialidade serán a través de SIXA .

2.2.- PROBAS DE AVALIACIÓN.

As datas deberán figurar no CALENDARIO DE EXAMES .

Procurarase realizalas de forma presencial . Porén deberemos ter en conta todos os posibles escenarios. Se no momento da proba a metade do curso está na casa , faráselles de forma presencial unha vez se reincorporen . Se é todo o curso, buscaremos unha nova data para que se poida facer con garantías; de non ser así realizaremos unha proba a través de webex que será gravada previa autorización do alumno e tamén figurará a convocatoria no CALENDARIO DE EXAMES .